



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 3 de abril de 2018**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. David Regades Fernández  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás quince horas e quince minutos do día tres de abril de dous mil dezaoto e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(312).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(313).- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL NA PARTIDA ORZAMENTARIA DO EXPEDIENTE DE “CONTINUIDADE DOS CONTRATOS DE ARRENDAMENTO, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS OUTORGADOS POR PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A.”, SOMETIDO A APROBACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, SESIÓN E.U. DO 27/03/18. EXPTE. 1750/330.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 3/04/18, asinado polo responsable do contrato, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, e fiscalizado e conformado polo interventor xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de marzo pasado, como consecuencia do cese total da actividade de Pazo de congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finaliza o 31 de marzo de 2018, disposta por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, ditado no

procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016, adoptou, entre outros, o acordo de dispoñer a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, dos contratos de xestión integral do conxunto da obra pública Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias e da xestión integral do aparcadoiro sito na mesma, concertados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. o 1 de xaneiro de 2015 con Valoriza Facilities, S.A.U., ata o 31 de decembro de 2018, así como autorizar e comprometer a favor de Valoriza Facilities, S.A.U. o gasto que comporta o pago de prezo do contrato cuxa continuidade se aproba, por importe máximo de 240.000 euros, imputándoo ao programa 3331, dentro da bolsa de vinculación 21, previa tramitación dunha transferencia de crédito entre a aplicación 3231.2020000 con saldo dispoñible de 492.917,89 euros —previa a anulación da autorización-disposición do gasto para o pago do arrendamento municipal das oficinas da obra pública para a Aula UNED en Vigo, por extinción deste contrato— á aplicación 3331.2120000.

É o caso que ao consignar a aplicación de destino da transferencia de crédito e a bolsa de vinculación fíxose constar por erro a 2120000, cando a correcta era a 2279900, polo que, ao abeiro do artigo 109.2 LPACAP, procede rectificar o erro material padecido.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, que ditou o acto, a adopción do seguinte

#### ACORDO

Rectificar o erro material cometido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 27 de marzo de 2018, en relación coa continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, dos contratos de xestión integral do conxunto da obra pública Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias e da xestión integral do aparcadoiro sito na mesma, concertados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. o 1 de xaneiro de 2015 con Valoriza Facilities, S.A.U. ata o 31 de decembro de 2018, no sentido de que a aplicación orzamentaria a que se imputará o gasto que comporta a continuidade dos ditos contratos será a 3331.2279900 e non a 3331.2120000, de tal xeito que o apartado terceiro da parte dispositiva do acordo queda coa seguinte redacción:

«**Terceiro.-** Autorizar e comprometer a favor de Valoriza Facilities, S.A.U. o gasto que comporta o pago de prezo do contrato cuxa continuidade se aproba, por importe máximo de 240.000 euros, imputándoo ao programa 3331, dentro da bolsa de vinculación 22, previa tramitación dunha transferencia de crédito entre a aplicación 3231.2020000 con saldo dispoñible de 492.917,89 euros —previa a anulación da autorización-disposición do gasto para o pago do arrendamento municipal das oficinas da obra pública para a Aula UNED en Vigo, por extinción deste contrato— á aplicación 3331.2279900».

Nos mesmos termos se entenderán rectificadas as referencias as ditas aplicacións orzamentarias que se conteñen na parte expositiva do acordo.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **3(314).- ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS POR COMPLEMENTOS POLICIALES, S.L., RESPECTO DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 4799/440.**

Dáse conta do informe-proposta de data 3/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral e a xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 22 de febreiro de 2018, acordou aprobar o expediente número 4.799-440 para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal, e abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

**Segundo.-** O 28 de febreiro de 2018, publicouse no Diario Oficial da Unión Europea o anuncio de licitación do citado procedemento.

**Terceiro.-** Con data do 27 de marzo de 2018 D. Manuel Duarte Garrido en representación de COMPLEMENTOS POLICIALES, S.L., aberto o prazo para a presentación de ofertas, mediante escrito presentado no Rexistro xeral deste Concello co número 180045464 solicita aclaracións ao prego de prescricións técnicas particulares.

Reprodúcense no seguinte apartado as aclaracións solicitadas e a súa resposta, de acordo co informe emitido polo xefe da Área de Investimentos o 2 de abril de 2018.

#### **II.- Aclaracións**

1º.- PREGUNTA: D. Manuel Duarte Garrido en representación de COMPLEMENTOS POLICIALES, S.L., expón no seu escrito:

*“Que tendo coñecemento da licitación relativa ao “subministro dos diversos elementos que conforman o vestiario para o persoal municipal do Concello de Vigo” e unha vez examinados os pregos reguladores da referida contratación, se ten detectado que no prego de prescricións técnicas, concretamente no listado de elementos a subministrar no lote 4, se esixe a presentación de mostra obrigatoria sobre un total de 22 produtos que non están, na súa totalidade, descritos no ANEXO do PCAP (lote 4).*

*Tendo en conta a obrigatoriedade da presentación das mostras nos termos descritos no referido Anexo, solicítase ao órgano de contratación que proceda á corrección do referido erro, incluíndo no Anexo (lote 4) a totalidade de prendas referidas no PPT cuxa mostra é de presentación obrigada, debendo iniciarse o prazo de presentación de ofertas, en consecuencia, no momento en que se proceda á publicación da referida corrección no perfil do contratante do Concello de Vigo”.*

## RESPOSTA:

En relación coa aclaración solicitada débese indicar que o prego de prescricións técnicas particulares no apartado h) do punto 2) contén a seguinte indicación:

*"h.- En relación coas prendas do LOTE nº 4 Prendas ou elementos uniformidade específica do servizo de Policía local, o licitador deberá atender con carácter xeral ás normas establecidas na "Orde de 22 de xullo de 2010 pola que se establece a descrición e características das distintas pezas de uniformidade dos corpos de policía local, vixiantes municipais e auxiliares de policía local de Galicia, así como a imaxe corporativa dos corpos de policía local" e de forma específica as peculiaridades descritas nas fichas incluídas no anexo deste lote. As prendas ou elementos non definidos por fichas individualizas terán como referencia xenérica a Orde do 22/07/2010".*

No apartado 4 do citado prego (PPTP) indícase que:

*"Tendo en conta a enorme dispersión de prendas ou elementos que conforman cada un dos lotes obxecto deste contrato, o licitador na súa oferta deberá achegar unha ficha técnica descritiva das características da prenda ofertada, a cal deberá adecuarse as condicións básicas definidas nos anexos deste prego.*

*Así mesmo o licitador terá a obriga de presentar ademais da ficha técnica, unha mostra física, para as prendas ou elementos a ofertar que se atopen identificados neste prego coa condición de "obligatorio mostra". A presentación destas mostras correspóndese coa necesidade de proceder a realización do proceso de avaliación dos criterios de xuízo de valor definidos no PCAP, para estas prendas, nos cales buscase identificar ademais os aspectos da funcionalidade e comodidade da prenda.*

*Cada unha das prendas a ofertar deberá ter a súa ficha técnica descritiva, que deberá garantir o cumprimento dos requisitos mínimos definidos nos anexos deste prego, así como deberá engadirse as condicións definitorias das calidades.*

*As fichas técnicas deberán conter:*

*a.- Descrición técnica da prenda ou elemento a ofertar en relación as peculiaridade da súa confección.*

*b.- Descrición específica das características técnicas dos tecidos a empregar na confección das*

*prendas ou elementos. O licitador deberá identificar co maior grado de detalle, aqueles valores que teñen unha incidencia directa sobre a calidade dos tecidos que conforman a proposta realizada para cada prenda ou elemento a subministrar, e como mínimo deberá comprender:*

*1.- Descrición dos valores cualitativos e cuantitativos da composición das fibras, masa laminar dos tecidos.*

*2.- Valores que incidan na durabilidade. Resistencia dos tecidos, solidez das tinturas, etc.*

*3.- Valores que incidan na funcionalidade e confortabilidade. Resistencia a penetración da auga, Resistencia térmica, transpirabilidade, capacidade de absorción de auga, capacidade antibacteriana dos tecidos principais.*

*c.- Para as prendas identificadas coa condición de "obligatorio mostra". O licitador deberá de achegar ademais da descrición técnica, unha xustificación acreditativa da*



## Concello de Vigo

*certificación de ensaio realizados por laboratorios homologados para garantir o cumprimento dos valores aportados nas fichas técnicas. Este requisito non terá a condición de excluínte e soamente terá como obxecto a avaliación correspondente de acordo cos criterios que se establezan no PCAP”.*

Así mesmo, en relación coas prendas ou elementos indicados para cada lote o propio PPTP indica que *“Forman parte deste prego os anexos correspondentes a enumeración das prendas ou elementos que constitúen o obxecto deste contrato, así como as fichas individualizadas para a descrición xenérica das prendas ou elementos que conforman cada un dos lotes de acordo a seguinte distribución, na cal se atopa a indicación individualizada das prendas ou elementos contempladas para o LOTE nº 4 coa indicación das unidades de referencia, así como un prezo unitario de cada unha das prendas”.*

Á vista das indicacións que se recollen no prego de prescricións técnicas publicado e os criterios de avaliación recollidos no PCAP, considérase que os mesmos conteñen unha descrición concreta sobre os elementos que conforman o lote nº 4 e os mesmos posibilitan o proceso de contratación a través dunha concorrència competitiva e facilitando información suficiente e axustada para garantir os principios de transparencia, libre concorrència e trato igualitario para calquera licitador que pretenda presentar a súa oferta.

### **III.- Acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda do TRLCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Aprobar a resposta ás cuestións formuladas por D. Manuel Duarte Garrido en representación de COMPLEMENTOS POLICIALES, S.L. mediante escrito de data 27 de marzo de 2018 e contida neste informe”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(315).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL, PARA SUBSANACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REMITIDA Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PARA O EXERCICIO DO ANO 2018, EXPEDIENTE SOMETIDO A APROBACIÓN DA XGL DO 08/02/18 EXPTE. 14821/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 3/04/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 08/02/2018 adoptou o seguinte acordo:

"1. *Aprobar as memorias seguintes que se achegan no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións para a o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2018, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.*

a) *Limpeza:*

- "PLAN DE ATENCIÓN PERMANENTE NO RURAL DE VIGO, PARA LIMPEZA DE CAMIÑOS E VALADOS MEDIANTE BRIGADAS DE PROXIMIDADE."
- "PLAN DE LIMPEZA E RETIRADA DE PASQUINS, CARTEIS, PEGATINAS E PINTADAS NA CIDADE DE VIGO"

b) *Parques e Xardíns:*

- "OBRAS DE MELLORA NOS PARQUES MUNICIPAIS DE VIGO"

c) *Protección Civil:*

- "PLAN DE COLABORACIÓN E ATENCIÓN NOS OPERATIVOS NA SEGURIDADE VIAL, VIXILANCIA NOS AREANIS EN TEMPORADA ESTIVAL E APOIO NAS EMERXENCIAS DERIVADAS DO 112".

d) *Fomento:*

- "MANTEMENTO DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE VIGO"

2. *Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 417.080,90 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.*

3. *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.*

4. *Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia."*

Unha vez analizada a documentación por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, formúlase requirimento a fin de proceder á súa subsanación, sendo preciso o seguinte:

- Aclarar que os certificados remitidos para dar cumprimento ao esixido no artigo 8.1 da Orde do 12/12/2017, foron emitidos nos termos do disposto nos artigos 204 a 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e do establecido para os municipios de gran poboación no Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), logo da modificación efectuada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local («B.O.E.» 17 decembro), ostentando a secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo as funcións de fé pública desta Administración local nos termos do disposto no artigo 126.4 e Disposición Adicional Oitava da devandita norma, así como do disposto no RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se re-



## Concello de Vigo

gula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que derroga, entre outras normas, o anterior RD 1174/1987, do 18 de setembro.

- Rectificar o acordo adoptado, para corrixir o erro aritmético advertido na táboa relativa ao "Mantemento das zonas rurais do Concello de Vigo" do Servizo de Fomento.
- Modificar o apartado 3 do devandito acordo para dar cumprimento ao esixido na *ORDE do 12 de decembro de 2017*, publicada no Diario Oficial de Galicia do 11 de xaneiro de 2018, quedando co seguinte tenor literal:

*"Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos."*

En virtude do disposto no artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), a competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal de data 05/02/2018, que consta no expediente, *o expediente que se está a tramitar que ten por finalidade solicitar ante a Concillería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para a financiación das Memorias descritas, é en tanto non se outorgue, non é un acto xerador de dereitos e obrigas con cargo ao orzamento, polo que, nun principio non é un acto suxeito a fiscalización previa, e a súa remisión a este servizo de fiscalización, tan só limitase a informar sobre a existencia de crédito para facer fronte aos compromisos do Concello se esta resultase beneficiada polas axudas, informándose de conformidade, achegándose os certificados de crédito que se solicitan*".

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditalar e notificar a resolución.

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente e segundo as instrucións do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Proceder, de conformidade coa fundamentación anteriormente exposta, á corrección do erro material advertido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en data 08/02/2018, de aprobación das memorias para *presentar á convocatoria de axudas e subvencións para a o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2018, e que se resumen no cadro que se achega no Anexo I.*

a) Limpeza:

- “PLAN DE ATENCIÓN PERMANENTE NO RURAL DE VIGO, PARA LIMPEZA DE CAMIÑOS E VALADOS MEDIANTE BRIGADAS DE PROXIMIDADE.”
- “PLAN DE LIMPEZA E RETIRADA DE PASQUINS, CARTEIS, PEGATINAS E PINTADAS NA CIDADE DE VIGO”

b) Parques e Xardíns:

- “OBRAS DE MELLORA NOS PARQUES MUNICIPAIS DE VIGO”

c) Protección Civil:

- “PLAN DE COLABORACIÓN E ATENCIÓN NOS OPERATIVOS NA SEGURIDADE VIAL, VIXILANCIA NOS AREANIS EN TEMPORADA ESTIVAL E APOIO NAS EMERXENCIAS DERIVADAS DO 112”.

d) Fomento:

- “MANTEMENTO DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE VIGO”

2. *Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **483.014,92 €** para o desenvolvemento das memorias aprobadas.*

3. *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.*

4. *Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.*

*Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.*

## **Acordo**





## **Concello de Vigo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: Resumo de proxectos solicitados polos servizos:

**PLAN DE ATENCIÓN PERMANENTE NO RURAL DE VIGO, PARA LIMPEZA DE CAMIÑOS E VALADOS MEDIANTE BRIGADAS DE PROXIMIDADE.**

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS 2018										3 meses
Posto	Categoría	Salario mes	Prorra-ta pa-gas ex-tras	Impor-te bru-to mes	Base coti-zación	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotiza-ción	Cotiza-ción SS empresa	Custe total mes	TOTAL PLAN
5	Of. xardinaría	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	1.156,77	17.351,48 €
2	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	32,75	281,25	1.140,02	6.840,12 €
1	Auxiliar administrativo	735,90	122,65	858,55	858,55	84/a	33,75	289,76	1.148,31	3.444,93 €
10	Peón Xardinaría-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	34.694,01 €
<b>18</b>										<b>62.330,54 €</b>

**PLAN DE LIMPEZA E RETIRADA DE PASQUINS, CARTEIS, PEGATINAS E PINTADAS NA CIDADE DE VIGO.**

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS 2018										3 meses
Posto	Categoría	Salario mes	Prorra-ta pa-gas ex-tras	Impor-te bru-to mes	Base coti-zación	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotiza-ción	Cotiza-ción SS empresa	Custe total mes	TOTAL PLAN
1	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	32,75	281,25	1.140,02	3.420,06 €
8	Peón Xardinaría-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	27.755,20 €
<b>9</b>										<b>31.175,26 €</b>

**SERVIZO DE LIMPIEZA**

**PLAN DE ATENCIÓN PERMANENTE NO RURAL DE VIGO, PARA LIMPEZA DE CAMIÑOS E VALADOS MEDIANTE BRIGADAS DE PROXIMIDADE.**

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS 2018										3 meses
Posto	Categoría	Salario mes	Prorra-ta pa-gas ex-tras	Impor-te bru-to mes	Base coti-zación	CNAE/ Cód. Ocup.	% coti-zación	Cotización SS empresa	Custe total mes	TOTAL PLAN
5	Of. xardinaría	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	1.156,77	17.351,48 €
2	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	32,75	281,25	1.140,02	6.840,12 €
1	Auxiliar administrativo	735,90	122,65	858,55	858,55	84/a	33,75	289,76	1.148,31	3.444,93 €



## Concello de Vigo

10	Peón Xardinaría-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	34.694,01 €
<b>18</b>										<b>62.330,54 €</b>

### PLAN DE LIMPEZA E RETIRADA DE PASQUINS, CARTEIS, PEGATINAS E PINTADAS NA CIDADE DE VIGO.

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS 2018										3 meses
Posto	Categoría	Salario mes	Prorratea pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total mes	TOTAL PLAN
1	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	32,75	281,25	1.140,02	3.420,06 €
8	Peón Xardinaría-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	27.755,20 €
<b>9</b>										<b>31.175,26 €</b>

### PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

Plan de limpeza de pasquíns	Importe	Partida
• Vestuario e EPI's	1.348,85 €	1630.2210400
• Materiais		1.460,00 €
1630.2211000		
Plan de Atención Permanente no rural	Importe	Partida
• Vestuario e EPI's	2.606,15 €	1630.2210400

### SERVIZO DE PARQUES E XARDÍNS

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS 2018										6 meses 50% xornada
Pos-to	Categoría	Salario mes	Prorratea pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	TOTAL PLAN
1	Tec. Medio Agrícola/Forestal	865,82	144,30	1.010,12	1.010,12	8411/a	32,10	324,25	1.334,37	4.003,12 €
7	Oficial albanel	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	24.851,13 €
1	Oficial fontaneiro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	3.550,16 €
7	Of. xardinaría	736,09	122,68	858,77	858,77	84/g	34,70	297,99	1.156,77	24.292,07 €
2	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	32,75	281,25	1.140,02	6.840,12 €
15	Peón Xardinaría-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	52.041,01 €
<b>33</b>										<b>115.577,61 €</b>

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

Obras de mellora nos parques municipais de Vigo	Importe	Partida
○ Vestiario e materiais	40.000,00 €	1710.2100000

**SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL**

PLAN DE COLABORACIÓN E ATENCIÓN NOS OPERATIVOS NA SEGURIDADE VIAL, VIXILANCIA NOS AREAIS EN TEMPORADA ESTIVAL E APOIO NAS EMERXENCIAS DERIVADAS DO 112										
RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS 2018										3 meses
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total mes	TOTAL PLAN
4	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	32,75	281,25	1.140,02	13.680,23 €
18	Peón Xardinaria-Forestal	735,90	122,65	858,55	858,55	84/g	34,70	297,92	1.156,47	62.449,21 €
<b>22</b>										<b>76.129,44 €</b>

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA:

PLAN DE COLABORACION E ATENCION NOS OPERATIVOS NA SEGURIDADE VIAL NOS CENTROS DE ENSINANZA, VIXIANCIA NOS AREAIS EN TEMPORADA ESTIVAL, E APOIO NAS EMERXENCIAS DERIVADAS DO 112.	Importe	Partida
○ Roupa de Traballo e EPI's	1.348,85 €	1350.2210400

**SERVIZO DE FOMENTO**

MANTEMENTO DAS ZONAS RURAIS DO CONCELLO DE VIGO										
RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018										3 meses
Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total mes	TOTAL PLAN
2	Capataz-Construcción	752,69	125,45	878,14	878,14	84/d	37,80	331,94	1.210,07	7.260,45 €
1	Auxiliar administrativo	735,90	122,65	858,55	858,55	84/a	33,75	289,76	1.148,31	3.444,93 €
4	Oficial pavimentador	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	14.200,65 €
1	Oficial mecánico	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	3.550,16 €
8	Of. conducción	736,09	122,68	858,77	858,77	84/f	32,75	281,25	1.140,02	27.360,47 €
9	Oficial albanel	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	31.951,46 €
2	Oficial carpinteiro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	7.100,32 €
3	Oficial ferreiro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	10.650,49 €



## Concello de Vigo

3	Oficial canteiro	736,09	122,68	858,77	858,77	84/d	37,80	324,62	1.183,39	<b>10.650,49 €</b>
23	Peón construción	735,90	122,65	858,55	858,55	84/d	37,80	324,53	1.183,08	<b>81.632,65 €</b>
<b>56</b>										<b>197.802,06 €</b>

<u>Mantemento das zonas rurais co Concello de Vigo</u>	<u>Importe</u>	<u>Partida</u>
• Vestiario e EPI's	10.000,00 €	1532.2210400
• Materiais e maquinaria	92.000,00 €	1532.2100000

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás quince horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez